

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 58997 (10/PNC-004698), sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos programas de desenvolvemento da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, incluída na orde do día da sesión do 13 de decembro de 2019.

EMENDA DE ADICIÓN

Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

- Avaliar a calidade dos contidos das materias ou experiencias que non son de lingua estranxeira, pero que se imparten en lingua estranxeira.
- Avaliar a carga horaria extra que supón para os docentes preparar as materias ou experiencias que non son de lingua estranxeira, pero que se imparten en lingua estranxeira.
- Avaliar o impacto que teñen as clases que non son de lingua estranxeira, pero que se imparten en lingua estranxeira, no rendemento académico do alumnado atendendo a súa orixe socio-económica.
- Avaliar a implicación das familias no proceso de ensino plurilingüe atendendo a súa orixe socio-económica.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Aprobar un plan de axudas que permita abordar os problemas de rendemento que se produzan no marco dos programas da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 e que se deriven da orixe socio-económica do alumnado.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/12/2019 16:50:36

